

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 31.03.2021

Hora: 10:30

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 31 de marzo de 2021, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 7119 (11/POC-001079)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego do resultado acadado pola fusión do Concello de Oza dos Ríos e o de Cesuras, no ano 2013, e da fusión do Concello de Cerdedo e o de Cotobade no ano 2016
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 74, do 12.01.2021
- 1.2 9692 (11/POC-001809)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 6 máis
Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia do desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte ao tártago negro de patas amarelas ("Vespa velutina nigrithorax")
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 92, do 11.02.2021
- 1.3 11398 (11/POC-002011)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis
Sobre a modificación do regulamento en materia de socorrismo acuático
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 100, do 23.02.2021
- 1.4 11544 (11/POC-002026)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do consenso coa Fegamp, federacións, asociacións e axentes sociais do sector no futuro decreto que regulará a formación e condicións exixibles para o desempeño das funcións de prevención e socorrismo nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas de Galicia, así como a valoración que fai dos anos de vixencia do Decreto 104/2012
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 105, do 03.03.2021

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 10900 (11/PNC-001117)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 6 máis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do mantemento das salas do 091 da Policía Nacional nas comisarías provinciais de Ourense e Lugo, así como sobre o aumento dos medios humanos e materiais desas comisarías
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 100, do 23.02.2021
- 2.2 11275 (11/PNC-001150)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que este debe realizar ao Goberno central en relación cos bens inmatriculados pola Igrexa Católica
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 100, do 23.02.2021

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2021

José Manuel Rey Varela



Presidente da Comisión

**RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE
ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**
POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
José Manuel Rey Varela	P
Vicepresidenta	
María Sol Díaz Mouteira	P
Secretaria	
Paloma Castro Rey	S

Vogais

Pablo Arangüena Fernández	S
José Antonio Armada Pérez	P
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Iria Carreira Pazos	BNG
Ana Belén García Vidal	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Noelia Pérez López	P
Paula Prado del Río	P
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro	BNG

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 31.03.2021 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 31.03.2021 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 7119(11/POC-001079)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do resultado acadado pola fusión do Concello de Oza dos Ríos e o de Cesuras, no ano 2013, e da fusión do Concello de Cerdedo e o de Cotobade no ano 2016

Publicación da iniciativa, 74, 12.01.2021



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

No discurso de investidura da IX Lexislatura da Xunta de Galicia, o presidente Núñez Feijóo anunciou a fusión de concellos como a medida estrela para rematar co minifundismo da planta municipal galega ao tempo de rematar co seu raquitismo orzamentario.

Durante esa lexislatura materializáronse dúas fusións, unha en 2013 dos concellos de Oza dos Ríos e de Cesuras dando lugar ao novo concello Oza-Cesuras, e no ano 2016 a fusión dos concellos de Cerdedo e Cotobade dando lugar ao novo concello Cerdedo-Cotobade.

Pasados 7 e 4 anos respectivamente dende as ditas fusións, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre o resultado acadado por estas dúas fusións?

2ª) Ten feito o Goberno galego algún estudo sobre a posibilidade de impulsar máis fusións dentro da nosa comunidade?

3ª) Cantos foron os recursos destinados aos concellos fusionados dende a constitución de cada un dos novos concellos?

4ª) Ten feito o Goberno galego algún estudo sobre o impacto que tivo cada unha das fusións sobre o nivel de vida da cidadanía dos novos concellos, así como a súa contribución á fixación de poboación?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 29/12/2020 13:17:26

Paloma Castro Rey na data 29/12/2020 13:17:37





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2020 10:00:00
Nº Rexistro: 7119
Data envío: 30/12/2020 16:47:09.147

Pablo Arangüena Fernández na data 29/12/2020 13:17:47

CSV REGISTRO L40wXLGB
Validado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 31.03.2021 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 9692(11/POC-001809)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia do desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte ao tártago negro de patas amarelas ("Vespa velutina nigrithorax")

Publicación da iniciativa, 92, 11.02.2021

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, José Antonio Armada Pérez, Noelia Pérez López e Ana Belén García Vidal abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A Xunta de Galicia, con motivo da problemática xerada polo avance da vespa velutiva na Comunidade Autónoma, leva traballando dende 2014 co fin de minimizar a incidencia que ao respecto ten esta especie sobre as producións apícolas e sobre a seguridade cidadá.

En outubro de 2019 A Xunta de Galicia e a Fegamp acordaron poñer en marcha de maneira coordinada e conxunta o Programa galego de vixilancia e control fronte á avéspera asiática para eliminar os niños da vespa velutina na nosa comunidade, dotado con 2,3 millóns de euros, grazas a fondos propios do Goberno galego e do Fondo de Cooperación Local, programa oa que os Concellos se podían adherir de xeito voluntario.

O obxectivo desde Plan baséase na concentración de recursos para ofrecer unha actuación profesional e eficaz. Desta forma, o Goberno galego está asimindo os traballos de retirada de niños de forma homoxénea en todo o territorio galego afectado pola velutina.

Nesta liña hai que destacar que o goberno galego ten ofrecido a través deste programa unha atención profesional con equipos ben preparados que contan cos medios necesarios para facer fronte ao que se converteu nun problema en Galicia e ao que a Xunta deu una solución centralizada e coordinada cos concellos.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

Qué balance fai a Xunta de Galicia sobre o Programa galego de vixilancia e control fronte á avéspera asiática (vespa velutina)?





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2021 17:43:05
Nº Rexistro: 9692
Data envío: 02/02/2021 17:43:05.027

Santiago de compostela, a 02 de Febreiro 2021.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 02/02/2021 17:37:48

José Manuel Rey Varela na data 02/02/2021 17:38:05

María Sol Díaz Mouteira na data 02/02/2021 17:38:25

José Alberto Pazos Couñago na data 02/02/2021 17:38:46

José Antonio Armada Pérez na data 02/02/2021 17:38:54

Noelia Pérez López na data 02/02/2021 17:39:10

Ana Belén García Vidal na data 02/02/2021 17:39:26



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](https://www.parlamentodegalicia.gal)



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 31.03.2021 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 11398(11/POC-002011)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a modificación do regulamento en materia de socorrismo
acuático

Publicación da iniciativa, 100, 23.02.2021



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2021 17:00:14
Nº Rexistro: 11398
Data envío: 18/02/2021 17:00:14.974

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a modificación do regulamento en materia de socorrismo acuático.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo a información recibida por este grupo parlamentario, mesmo publicada en diferentes medios de comunicación, a Xunta de Galiza ten expresado a intención de realizar unha modificación substancial na normativa que regula a prestación do servizo de socorrismo en espazos de baño, tanto natural como piscinas públicas, e da cualificación e responsabilidades das persoas encargadas da súa execución.

Certamente nos últimos anos os concellos galegos veñen sufrindo enormes dificultades para contratar persoal cualificado para prestar o servizo de salvamento acuático nas praias ou nas piscinas públicas, existindo unha evidente falla de previsión da Xunta de Galiza ante esta eventualidade, e unha evidente ausencia na promoción da capacitación de persoas para desempeñar tales cometidos.

A día de hoxe a Xunta de Galiza ten expresado a súa intención de reducir as exixencias para acceder á condición de socorrista, así como a creación da figura do “auxiliar de socorrista” que con limitada capacidade de acción e unha formación elemental, poda “cubrir” a inexistencia de socorristas, dando as usuarias dos espazos naturais de baño un sensación de falsa seguridade. Existiría persoal, mais capacitado

CSM-REXISTRO091m12ab55
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2021 17:00:14
Nº Rexistro: 11398
Data envío: 18/02/2021 17:00:14.974

para unhas moi limitadas intervencións. Unha creación que en ningún caso serviría para paliar o déficit de socorristas, antes ao contrario desincentivaría a realización de cursos de capacitación para obtención de tal cualificación; máxime nunha actividade, actualmente, tan estacional.

Por outra banda, o art. 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común establece a obrigatoriedade de, con carácter previo a elaboración dun proxecto de regulamento, a consulta pública dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente atinxidos pola norma. Consulta que habería de verificarse a través do portal web da Administración. Non consta que a Xunta de Galiza procedese a cumprimento de tal precepto e que, por exemplo, ante a eventual creación dunha nova figura profesional se recabase a opinión das organizacións sindicais máis representativas.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

. Ten previsto o Goberno Galego a modificación do Decreto 104/2012 polo que se regula a formación mínima dos socorristas acuáticos?

. No seu caso, deuse cumprimento ao tramite de audiencia e consulta exixido pola norma que establece o procedemento para a elaboración de regulamentos?

. Entende a Xunta de Galiza procedente a creación do posto de auxiliar de socorrista e, no seu caso, cal sería a aptitude requirida, e cales serían as súas funcións e responsabilidades?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2021 17:00:14
Nº Rexistro: 11398
Data envío: 18/02/2021 17:00:14.974

. En que medida a figura do auxiliar de socorrista podería supor unha redución da ocupación e presenza de socorristas nas praias de Galiza?

. Que medidas desenvolveu a Xunta de Galiza dende o ano 2017 para o incremento do número de socorristas en Galiza e para potenciar a súa empregabilidade?

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 18/02/2021 16:57:32

Xosé Luis Bará Torres na data 18/02/2021 16:57:36

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/02/2021 16:57:45



CSX4REXISTRO9h1mN2a6s5

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 31.03.2021 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 11544(11/POC-002026)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do consenso coa Fegamp, federacións, asociacións e axentes sociais do sector no futuro decreto que regulará a formación e condicións exixibles para o desempeño das función de prevención e socorrismo nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas de Galicia, así como a valoración que fai dos anos de vixencia do Decreto 104/2012

Publicación da iniciativa, 105, 03.03.2021



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

A figura da persoa socorrista é indispensable para velar pola seguridade dos e das bañistas tanto nas piscinas coma nas praias ao longo do noso territorio.

Sen esquecer outras moitas funcións que desempeñan, no ámbito das súas competencias, relacionadas coa nosa saúde e seguridade (primeiros auxilios, información sobre a situación do mar ou da praia ...).

Na actualidade a figura do socorrista en Galicia, está regulada polo Decreto 104/2012 do ano 2012, que veu dar unha regulamentación xurídica a este sector.

Este réxime establecido, foi elaborado polo Goberno da Xunta, sen ter en conta as recomendacións dos sectores implicados o que provocou que nel existan moitos puntos mellorables.

A necesidade desta mellora quedou en evidencia coa aplicación deste decreto ao longo destes anos, xa que provocou, entre outras cuestións, unha redución progresiva do número de socorristas e fai que na actualidade exista un grave déficit na nosa comunidade.

Isto está a ocasionar moitos problemas na temporada de verán xa que moitas praias quedan sen cubrir, co risco para a seguridade dos bañistas que isto provoca, ao que se suma a imposibilidade de izar a bandeira azul e o gran malestar dos concellos afectados por non poder garantir este servizo.

Na actualidade a Xunta de Galicia está a elaborar un novo Decreto para regular a formación e as condicións esixibles para o desempeño das funcións de prevención e socorrista nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na comunidade autónoma de Galicia.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista, entendemos que esta é unha oportunidade para poder dar un xiro a esta tendencia que se dirixe cara á desaparición deste sector, e mellorar unha regulación cara á consolidación e valoración desta categoría profesional, consolidación de dereitos, mellora de





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2021 17:44:29
Nº Rexistro: 11544
Data envío: 22/02/2021 17:44:29.380

salarios, aumento das tempadas de traballo e da implicación da Administración, entre outras consideracións.

Pero sobre todo, entendemos que é momento para que a Xunta leve a cabo unha regulación consensuada coas federacións, asociacións e axentes sociais implicados no sector, co fin de poder acadar a mellor normativa posible, que vai revertir en garantías e seguridade para todos os galegos e todas as galegas.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai a Xunta de Galicia consensuar coa Fegamp e as federacións, asociacións e axentes sociais do sector o futuro decreto, que se está a elaborar e que vai regular a formación e as condicións esixibles para o desempeño das funcións de prevención e socorrismo nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na comunidade autónoma de Galicia?

2ª) Que valoración fai o Goberno galego destes anos de vixencia do Decreto 104/2012?

3ª) Como xustifica o Goberno galego a redución progresiva do número de socorristas nos últimos anos?

4ª) Cre o Goberno da Xunta que a regulación do ano 2012 afecta a esta redución do número de socorristas?

5ª) Cre o Goberno da Xunta que na nova regulación teñen que ser tidas en conta as recomendacións efectuadas polas federacións, asociacións e axentes sociais do sector?

6ª) En que fase se atopa o novo decreto e cando teñen prevista a súa aprobación dende o Goberno da Xunta?

Pazo do Parlamento, 22 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 22/02/2021 13:49:20

Pablo Arangüena Fernández na data 22/02/2021 13:49:30

CSX, REXISTRO SogCgIómw4
Validado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 31.03.2021 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 31.03.2021 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 10900(11/PNC-001117)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do mantemento das salas do 091 da Policía Nacional nas comisarías provinciais de Ourense e Lugo, así como sobre o aumento dos medios humanos e materiais desas comisarías

Publicación da iniciativa, 100, 23.02.2021

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Alberto Pazos Couñago, Marisol Díaz Mouteira, José Antonio Armada Pérez, Noelia Pérez López e Ana Belén García Vidal**, ao abeiro do artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 1ª; Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Exposición de motivos:

Na actualidade, as Comisarías de Ourense e Lugo contan con Salas do 091, en funcionamento 24 horas ao día, 365 días ao ano, que atenden a máis de 200.000 veciños nas cidades de Ourense e Lugo. Estas Salas son o órgano de coordinación operativa por excelencia, como servizo máis próximo ao cidadán, que recibe os avisos dos cidadáns e distribúe os efectivos policiais, e están dotadas de avanzados equipos de comunicacións e medios técnicos para afrontar con eficacia as situacións de emerxencia. Na área de telefonía, os axentes atenden as chamadas, recollen os datos precisos e activan de forma telemática os recursos necesarios para resolver a incidencia. O tempo medio de espera das persoas que solicitan o auxilio policial a través do 091 ata que a súa chamada é atendida sitúase ao redor dos 6 segundos.

A zona de radio é a que recibe a información do suceso a través dos operadores e encárgase de contactar coas patrullas máis próximas ao lugar onde se require a presenza de axentes co obxectivo de diminuír os tempos de resposta policial. Os operadores da sala do 091 son os responsables de comisionar os servizos e requirimentos operativos ás unidades e dotacións en servizo. Tamén centralizan e dan resposta ás peticións e consultas ás bases de datos de interese policial solicitadas polos axentes en servizo, e transmiten as instrucións oportunas relativas ao cumprimento das normas de aplicación das ordes xudiciais de afastamento e protección das vítimas de violencia de xénero.

Ademais, desde este centro de operacións asúmese a coordinación operativa en caso de situacións de risco inmediato, emerxencias e dispositivos especiais. Temos noticias a través dos Sindicatos Policiais e dos veciños afectados de que o Goberno pretende trasladar A Coruña as Salas do 091 de Ourense e Lugo o cal minguaría de maneira importante o movemento e eficacia deste servizo prexudicando a seguridade en ambas as cidades, debido á proximidade e ao coñecemento que deben ter os axentes da zona de influencia. Sendo leste un servizo que require de proximidade para que o tempo de reacción sexa o máis rápido posible, cun coñecemento exacto de cada recuncho da



cidade. Así mesmo as Comisarías de Policía Nacional de Ourense e Lugo contan cun déficit de 49 e 41 axentes respectivamente, o cal fai necesario e urxente cubrir o total dos persoais.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de Lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a manter as Salas do 091 da Policía Nacional nas Comisarías de Ourense e Lugo, e así mesmo aumentar os medios humanos e materiais cos que contan ditas Comisarías provinciais.”

Santiago de Compostela, 12 Xaneiro do 2021.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/02/2021 13:55:35

Paula Prado del Río na data 12/02/2021 13:56:02

José Manuel Rey Varela na data 12/02/2021 13:56:44

José Alberto Pazos Couñago na data 12/02/2021 13:57:49

María Sol Díaz Mouteira na data 12/02/2021 13:58:15

José Antonio Armada Pérez na data 12/02/2021 13:58:46

Noelia Pérez López na data 12/02/2021 13:59:04

Ana Belén García Vidal na data 12/02/2021 13:59:29



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 31.03.2021 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 11275(11/PNC-001150)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e
as demandas que este debe realizar ao Goberno central en
relación cos bens inmatriculados pola Igrexa Católica

Publicación da iniciativa, 100, 23.02.2021



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2021 10:25:53
Nº Rexistro: 11275
Data envío: 18/02/2021 10:25:53.531

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e deputada **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**, sobre inmatriculacións da Igrexa católica .

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Igrexa católica ben gozando desde 1946 dun privilexio franquista que lle permitiu inscribir miles de bens sen ter que acreditar a propiedade dos mesmos, xa que a Lei hipotecaria e o regulamento que a desenvolveu posibilitaron que os representantes eclesiásticos actuasen como fedatarios públicos.

Aínda que a citada norma non permitía inscribir templos dedicados ao culto, por ser considerados bens de dominio público, a realidade é que moitos destes bens foron inmatriculados (inscritos por primeira vez no Rexistro da Propiedade) a nome da Igrexa entre 1946 e 1998. No ano 1998 o goberno do PP ampliou o privilexio franquista mediante unha modificación da Lei hipotecaria que lle permitía á Igrexa inscribir tamén lugares de culto como igrexas, mosteiros, ermidas, capelas, catedrais, etc. Como consecuencia desta norma, entre 1998 e 2015 (ano en que se suprimir esta prerrogativa) foron inscritos case 35.000 bens a nome da Igrexa católica, dos cales unha parte poderían ser bens privados, outros de propiedade das administracións e outros de dominio público.

CSM-REXISTRO060411H1M5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2021 10:25:53
Nº Registro: 11275
Data envío: 18/02/2021 10:25:53.531

No ano 2017 foi aprobada unha proposición non de lei no Congreso na que se demandaba ao goberno do Estado a elaboración dun informe con todas as inmatriculacións realizadas entre 1998 e 2015, así como “reclamar a titularidade do dominio se a devandita inmatriculación se fixo sen a necesaria existencia dun título material e previo”, isto é, sen que existise algún documento que demostrase a propiedade.

Por outra parte, no ano 2018 unha Comisión de Persoas Expertas creada para determinar a titularidade da Mezquita de Córdoba recomendou anular as inmatriculacións mediante un recurso ao Tribunal Constitucional.

Resulta tamén de interese salientar o litixio gañado pola veciñanza de San Xurxo de Sacos (Cerdedo-Cotobade) contra o arcebispado de Santiago, logo de que a Igrexa inmatriculase irregularmente a carballeira de San Xusto e o monte de Lixó. Neste asunto houbo ate tres sentenzas favorábeis á veciñanza: en 1991 a do xulgado nº 3 de Pontevedra; en 1992 da sección 2ª da Audiencia Provincial; e en 1996 o da sala do civil do Tribunal Supremo.

Malia que o goberno do Estado contaba desde agosto de 2018 coa listaxe das inmatriculacións realizadas desde 1998, tardou máis de dous anos e medio en facelas públicas. Unha vez que se veñen de dar a coñecer os 34.984 bens rexistrados, chaman a atención varios feitos en relación con Galiza:

- A alta porcentaxe de inmatriculacións rexistradas en Galiza, 7.131, que supoñen máis do 20 por cento do total.

- A menor proporción de edificios dedicados ao culto e edificacións anexas (2.747), fronte a diferentes propiedades urbanas e rústicas como solares, garaxes, pisos, carballeiras ou campos da festa (4.384).

CSX, REGISTRO DE DOCUMENTOS
Verificado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2021 10:25:53
Nº Rexistro: 11275
Data envío: 18/02/2021 10:25:53.531

- A escasa información sobre moitos destes bens, sobre todo no caso de terreos rústicos, que aparece na listaxe que se fixo pública.

Tendo en conta os privilexios concedidos polo Estado á Igrexa católica desde 1946 para o primeiro rexistro sen a necesidade de acreditar a propiedade, considerando o elevado número de bens inscritos e a posibilidade de que se producen inmatriculacións de bens de dominio público ou que poderían ter outros titulares, tanto o goberno central como a Xunta de Galiza deberían promover unha investigación ao respecto e dispoñer os medios para anular as inmatriculacións irregulares e restituir os bens aos seus lexítimos propietarios.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a demandar do goberno do Estado:

- A ampliación da información sobre os bens inmatriculados, especialmente no caso de propiedades rústicas, de maneira que se facilite a súa identificación e localización.

- A investigación de todas as inmatriculacións realizadas pola Igrexa católica desde o ano 1946 e a reclamación da titularidade do dominio se a devandita inmatriculación se fixo sen a necesaria existencia dun título material e previo

- A anulación das inmatriculacións realizadas pola Igrexa católica cando se trate de bens de dominio público.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2021 10:25:53
Nº Rexistro: 11275
Data envío: 18/02/2021 10:25:53.531

Asemade, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a crear unha oficina de información e asesoramento ás entidades que reclamen estes bens, así como a promover accións precisas para a anulación das inmatriculacións de bens de dominio público e as realizadas sen acreditar a titularidade.”

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/02/2021 10:20:08

Iria Carreira Pazos na data 18/02/2021 10:20:16

Xosé Luis Bará Torres na data 18/02/2021 10:20:28

CSX: REXISTRO007MIRHM5
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

